



Concello de Lourenzá

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as bases actividades dinamización infantil/conciliación familiar tempo de lecer - Lourenzá Concilia 2025” que se desenvolverán nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2025, fora do horario escolar no Concello de Lourenzá; así o Anexo I (solicitud) e Anexo II (Documentación e Autorizacións).

O artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece as atribucións que ostenta o alcalde.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases “ actividades dinamización infantil/conciliación familiar tempo de lecer - Lourenzá Concilia 2025” que se desenvolverán nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2025, fora do horario escolar no Concello de Lourenzá, anexas a esta Resolución; así como aprobar o Anexo I (solicitud) e Anexo II (Documentación e Autorizacións). Darlle publicidade a esta convocatoria a través da páxina web do Concello de Lourenzá e no taboleiro de anuncios do Concello.

Segundo.- Dar conta desta Resolución ó Pleno.

Mándao e asíno en Lourenzá, o Alcalde en funcións, Don Javier Huertas Otero. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

Documento asinado dixitalmente á marxe.





Concello de Lourenzá

BASES ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN INFANTIL/CONCILIACIÓN FAMILIAR TEMPO DE LECER - LOURENZÁ CONCILIA 2025

Artigo 1: Obxecto:

O Concello de Lourenzá pon en marcha “Tempo de Lecer – Lourenzá Concilia 2025” para promover a igualdade, a corresponsabilidade e a socialización tanto nas familias como entre participantes. O fomento da igualdade de xénero é unha prioridade no campamento, xunto coa eliminación das desigualdades e a integración dos colectivos en risco de exclusión social. Abordaranse estes temas dende diferentes puntos de vista e con actividades transversais e específicas, dentro do marco do plan corresponsables que se desenvolverán nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro do 2025 fora do horario escolar no Concello de Lourenzá.

Artigo 2: Persoas destinatarias:

Tanto as actividades de dinamización infantil como o programa conciliación familiar están dirixidas a nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2021.

Artigo 3: Datás de celebración:

Desenvolverase dende o 23 de xuño ata o 5 setembro, en quendas de días naturais.

Quenda 1:	do 23 de xuño ao 27 de xuño (20 prazas, mínimo 10 prazas)
Quenda 2:	do 30 de xuño ao 11 de xullo (60 prazas)
Quenda 3:	do 14 de xullo ao 24 de xullo (60 prazas)
Quenda 4:	do 28 de xullo ao 8 de agosto (60 prazas)
Quenda 5:	do 11 de agosto ao 22 de agosto (60 prazas)
Quenda 6:	do 25 de agosto ao 29 de agosto (60 prazas)
Quenda 7:	do 1 de setembro ao 5 de setembro (20 prazas, mínimo 10 prazas)

As actividades terán lugar nas instalacións municipais e tamén nas instalacións do Ceip Juan Rey, e de forma puntual e atendendo ó requirimento das actividades programadas farase uso doutros espazos ou instalacións próximas no termo municipal.

En caso de que o neno ou nena teña que abandonar as instalacións para ir a outras actividades alleas ás incluídas neste programa, ou por razóns de outra índole será sempre acompañado por un familiar ou persoa que estea autorizada para a súa recollida.

Artigo 4: Horario:

O horario será de 9:00 h a 14:00 h (servizo madrugadores de 8:00 a 9:00)





Concello de Lourenzá

Artigo 5: Prazas ofertadas:

Ofértase un total de 340 prazas repartidas en 7 quendas de 20, 60, 60, 60, 60, 60 e 20 prazas cada unha.

A maiores haberá 18 prazas en reserva (3 por quenda) para situacións de extrema necesidade.

O neno ou nena só terá praza nas quendas para as que foi admitido. Só en caso de extrema necesidade, se poderá solicitar a admisión noutra quenda cando existan razóns laborais do proxenitor que así o xustifiquen.

Artigo 6: Perfil e criterios de selección das persoas destinatarias:

Para a selección dos participantes terase en conta os seguintes criterios:

- Empadroado no Concello de Lourenzá, a data 1 de xaneiro de 2025 e/ou escolarizado no Ceip Juan Rey.

30 puntos

- Algún dos proxenitores do/a menor non censado/a que traballa nunha empresa con sede fiscal no Concello de Lourenzá ou que estean empadroados no Concello de Lourenzá familiares do menor hasta o segundo grado de consanguinidade ou afinidade:

10 puntos

- Traballan os dous/das proxenitores/ras ou titores legais ou estean participando en procesos formativos para a integración laboral na data e horario da quenda solicitada:

10 puntos

- Traballa un/unha só/soa dos/das proxenitores/ras ou titores legais ou estea participando en procesos formativos para a integración laboral na data e horario da quenda solicitada:

5 puntos

- Familias monomarentais e monoparentais:

10 puntos

- Familia en situación de vulnerabilidade, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Lourenzá.

5 puntos

- Nai ou titora legal solicitante vítima de violencia de xénero:

5 puntos

- Familias con título de familia numerosa:

5 puntos

O proceso de selección será o seguinte:

- A listaxe de admitidos e a de espera, elaborárase unha vez baremadas as solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello, seguindo o baremo establecido nestas Bases.

Artigo 7: Solicitudes:

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude de admisión (Anexo I) a





Concello de Lourenzá

seguinte documentación acreditativa no prazo correspondente para dito trámite:

- a) Certificado de empadramento no Concello de Lourenzá do neno ou nena ou certificado de matrícula no Ceip Juan Rey.
- b) Certificado de empadramento no Concello de Lourenzá dos familiares de primeiro ou segundo grao de consanguinidade cando o neno ou nena non estea empadrado no Concello de Lourenzá.
- c) Certificado de empresa que demostre que o proxenitor do/a menor non censado/a traballa nunha empresa con sede fiscal no Concello de Lourenzá.
- d) Informe da empresa no que conste a quen lle corresponda que ten que traballar os días nos que solicita a súa participación nas actividades para o/a seu/súa fillo/a. No caso de que un ou os dous proxenitores sexa autónomo deberá presentar o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e declaración xurada que indique que ten que traballar os días nos que solicita a participación nas actividades para o/a seu/súa fillo/a.
- e) Certificado de familia monomarental ou monoparental.
- f) Documento acreditativo de situación de violencia de xénero.
- g) Copia do título de familia numerosa.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.

Artigo 8. Causas de baixa.

A baixa na participación nas actividades poderá producirse por algunha destas causas:

- A solicitude dos pais, nais, titores ou representantes legais de ser baixa nas actividades
- Incumprimento reiterado das normas establecidas no funcionamento das actividades
- Non asistencia ás actividades sen causa xustificada de tres días durante unha quincena.

Artigo 9. Faltas ao servizo.

Será considerada falta ao servizo a non asistencia.

Considerarase causa xustificada aquelas faltas que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:

- Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
- Laborais: modificación de quendas de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais.
- Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.

O resto de faltas na asistencia ao servizo serán consideradas faltas sen xustificar, cun máximo de tres faltas durante unha quincena.

Artigo 10: Trámites e prazos:

Todos os trámites realizaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá de





Concello de Lourenzá

09:00 a 14:00 horas ou a través da sede electrónica do Concello de Lourenzá (<https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/info.6>)

Os prazos son os seguintes:

- Presentación de solicitudes: Dende a publicación destas bases ata o 13 de xuño de 2025 no Rexistro Xeral do Concello.
- Publicación da listaxe provisional de admitidos/as en cada quenda coas puntuacións acadadas: 16 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello.
- Presentación de corrección da documentación e reclamación: do 17 ó 19 de xuño do 2025 no Rexistro Xeral do Concello.
- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da lista de agarda en cada quenda: 20 de xuño de 2025 no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos/as, no caso de querer renunciar a algunha das quendas, dita renuncia debera ser presentada no Rexistro Xeral do Concello nos tres días seguintes a publicación da lista de admitidos/as.

Listaxe de agarda:

Publicada a listaxe definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos/as, que seguirá a orde que resulte da baremación.

En función das baixas que se produzan na actividade os/as nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista.

Nos casos de empates, resolveranse por orde de entrada das solicitudes no rexistro xeral do Concello.

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos/as, as persoas admitidas deberán achegar o (Anexo II), o primeiro día no campamento.

NO ANEXO II: ESPECIFICAR SI TEÑEN ALGUN TIPO DE ALEXIA DECIR CAL E TAMEN QUE AUTORIZAN AO MENOR A FACER ACTIVIDADES FORA DA INSTALACIONES E SI DAN CONSENTIMENTO A PUBLICAR FOTOS E DEMAIS

- a) Fotocopia do DNI da persoa inscrita, se non se dispuxera del a copia do libro de familia.
- b) Unha foto de carné no caso de que non teña DNI, co nome e apelidos polo seu dorso.
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria do/da menor inscrito/a.





Concello de Lourenzá

Cod. Validación: 6466PN4KMPK64UMGTFKCES9NS
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

